

CONVOCATORIA PERSOAL TÉCNICO DE APOIO 2022

No BOE de data 21 de decembro de 2022 publicouse o Extracto da Resolución do 19 de decembro de 2022 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria 2021 das axudas para persoal técnico de apoio, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS:663056

A finalidade destas axudas é incentivar a contratación laboral de persoal técnico de apoio destinado ao manexo de equipos, instalacións e demais infraestruturas de I+D+i a fin de incrementar e mellorar as prestacións e o rendemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas.

A contía máxima destinada a financiar esta convocatoria ascende a 9.000.000 euros que poderá ser incrementada cunha contía adicional de ata 2.000.000 euros.

As solicitudes de participación serán presentadas polas entidades. Previamente á presentación da solicitude, a persoa participante realizará o enchemento do formulario electrónico de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **día 26 de xaneiro ata o 16 de febreiro de 2023 ás 14:00 horas** (hora peninsular española) por medios electrónicos a través da sede electrónica do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Sen prexuízo do anterior, o prazo para o enchemento e firma polas persoas participantes do formulario electrónico de solicitude será do **26 de xaneiro ó 9 de febreiro de 2023 ás 14:00 horas** (hora peninsular española).

Acceso a Sede Electrónica da Axencia estatal de Investigación [Click Aquí](#)

No lateral dereito dispoñedes do Extracto da convocatoria, a convocatoria e as fichas resumo da convocatoria.

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumo da convocatoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

[Convocatoria
Persoal Técnico
de Apoio 2022](#)

[Extracto
Convocatoria
Persoal Técnico
de Apoio 2022](#)

[Fichas resumo
Convocatoria
Persoal Técnico
de Apoio 2022](#)